

RESOLUCIÓN

ASUNTO: INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA “AMPLIACIÓN, AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN CON MBQ NUN TRAMOS DO CAMIÑO OS MARTIÑOS-CRUCÉ A HEDREIRA”

2ª FASE DO POS ADICIONAL 2/2023

EXPEDIENTE: 2024/C003/000002

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Concello de Curtis, (A Coruña),

ANTECEDENTES

- Proxecto denominado “Ampliación, afirmado e pavimentación con MBQ nun tramo do camiño Os Martiños-Cruce A Hedreira” asinado polo enxeñeiro de camiños, Manuel Ángel Pisos Veiga, o 05/06/2023 cun orzamento total, IVE incluído, de 238.286,95 €
- Informe técnico urbanístico emitido polo arquitecto da asistencia técnica municipal, Alfredo Varela Nogueira, o 22/09/2023
- Informe emitido polo arquitecto da asistencia técnica municipal, Alfredo Varela Nogueira, o 25/09/2023 relativo á non división en lotes do proxecto
- Acordo plenario de data 28/09/2023 polo que se aproba o antedito proxecto e se solicita a súa inclusión na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizo de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023
- Decreto nº 657, do 28/09/2023, polo que se resolve non dividir en lotes o obxecto do proxecto
- A Deputación da Coruña notificoulle a este concello (RE nº 20230000003012, do 31/10/2023, e 20230000003285, do 04/12/2023) a aprobación da 2ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 2/2023 no que se inclúe a antedita obra.
O importe da subvención ascende a 206.157,20 €.
- Acta de replanteo previo de asinada o 17/04/2024
- Providencia-memoria da Alcaldía, de data 22/04/2024 motivando a necesidade deste contrato e ordenando a realización das actuacións precisas para iniciar o correspondente procedemento de contratación
- Certificado da existencia de crédito asinado pola secretaria-interventora o 22/04/2024
- Informe técnico urbanístico emitido polo arquitecto da asistencia técnica municipal, Alfredo Varela Nogueira, o 23/04/2024
- Informe xurídico emitido pola secretaria-interventora o 26/04/2024

– Informe de fiscalización emitido pola secretaria-interventora o 26/04/2024

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 9/2017 de contratos do sector público (LCSP), de 8 de novembro, en uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía conforme á disposición adicional segunda apartado primeiro da LCSP, polo presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- A) Aprobar para a contratación da obra denominada “**Ampliación, afirmado e pavimentación con MBQ nun tramo do camiño Os Martiños-Cruce A Hedreira**” o prego prego tipo de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP nº 42, do 04/03/2021.

B) Déixanse sen contido os anexos V (Medios persoais e materiais requiridos para a execución da obra), VI (especificación das modificacións do contrato previstas no presente prego) e IX (tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista) do PCAP.

C) Fíxase como anexos a esta providencia o contido para os anexos I, II e IV do PCAP.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación da obra incluída no proxecto denominado **Ampliación, afirmado e pavimentación con MBQ nun tramo do camiño Os Martiños-Cruce A Hedreira**”, mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación e dispoñer a apertura do correspondente procedemento de adxudicación.

TERCEIRO.- Aprobar un gasto por importe de 238.286,95 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 , en concepto de prezo máximo de adxudicación.

CUARTO.- En aplicación do artigo 326 e da disposición adicional segunda apartado 7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, aprobar a seguinte composición da Mesa de Contratación para esta contratación:

Presidente : Emilio Souto Iglesias, concelleiro de Servizos, Emerxencias e Obras

Vogais :

1. Rosa M^a Buján Ordóñez. Secretaría interventora do Concello de Curtis, funcionaria de carreira, ou persoa que legalmente a substitúa
2. María Fajardo de Andrade Vázquez. Técnica de intervención, funcionaria interina
3. Marta María Roca Souto. Auxiliar administrativa, persoal laboral fixo

Secretaria: Mónica Gesto Nieto. Administrativa, funcionaria de carreira. Substituto: Óscar López Figueroa. Administrativo, funcionario de carreira

O nomeamento da funcionaria interina débese a que é a persoa mellor cualificada desta administración polo seu carácter técnico, non habendo outros funcionarios de carreira suficientemente e mellor cualificados para desempeñar estas funcións.

QUINTO.- Publicar esta licitación no perfil do contratante deste Concello e dar traslado do presente acordo ós servizos de contabilidade aos efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O alcalde

Dou fe, a secretaria-interventora

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Rosa María Buján Ordóñez

ANEXO:
ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO	AMPLIACIÓN, AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN CON MBQ NUN TRAMO DO CAMIÑO OS MARTIÑOS-CRUCÉ A HEDREIRA						
2. CODIFICACIÓN	Vocabulario común de contratos (CPV) 45233140-2 Obras Viais 45233223-8 Repavimentación de calzadas						
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	Base imponible: 196.931,36 € Importe IVE: 41.355,59 € Total: 238.286,95 €						
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible: 196.931,36 € 20% (modificacións previstas de proxecto): 0,00 € Total VALOR ESTIMADO: 196.931,36 €						
4.BIS. REGULACIÓN HARMONIZADA	Contrato non suxeito a regulación harmonizada						
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	1532.61900						
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO: 5 meses						
	Non se aplicará en ningún caso a redución do prazo como criterio de valoración						
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	Non se esixe						
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Grupo</th> <th>Subgrupo</th> <th>Categoría</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>G</td> <td>6</td> <td>2</td> </tr> </tbody> </table>	Grupo	Subgrupo	Categoría	G	6	2
Grupo	Subgrupo	Categoría					
G	6	2					
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Con carácter exclusivo e excluínte: A) <input checked="" type="checkbox"/> Plataforma de contratación do Sector Público https://contrataciondelestado.es B) <input type="checkbox"/> Plataforma de contratos públicos de Galicia						
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	Tramitación ordinaria: 20 días naturais (Cláusula 11)						

11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN	Non se esixe
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN	Non se establece
13. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN	Ver cláusula 27
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Enderezo páxina web concello: http://www.curtis.gal/index.php/es/perfil-del-contratante-cas
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo de final ofertado, IVE excluído.
16. TAXAS DO CONTRATO	Non se establecen
17. REVISIÓN DE PREZOS	NON PROCEDE
18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a Administración
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	NON SE ESIXE. Non obstante a Administración a fin de garantir unha maior información ás empresas poderá publicar anuncios en medios de comunicación, correndo no seu caso a Administración cos gastos.

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: <https://contrataciondeestado.es/wps/poc?uri=deeplink:perfilContratante&idBp=HswR6wZaFHIBPRBxZ4nJ%2Fg%3D%3D>

TELÉFONO: 981 789 003

CORREO ELECTRÓNICO: concello@curtis.es.

CARTEL DE OBRA: dispoñible no seguinte enlace:

https://www.dacoruna.gal/plans-concellos/?utm_source=MenuGlobal&utm_campaign=MenuCabecera&utm_medium=Web#Modelo+de+carteis+de+obra

[utm_source=MenuGlobal&utm_campaign=MenuCabecera&utm_medium=Web#Modelo+de+carteis+de+obra](https://www.dacoruna.gal/plans-concellos/?utm_source=MenuGlobal&utm_campaign=MenuCabecera&utm_medium=Web#Modelo+de+carteis+de+obra)

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO

ENTIDADE LOCAL. CONCELLO DE CURTIS.

NIF: P 1503200 F

CÓDIGO: LO1150320

21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR

ALCALDE/PRESIDENTE

CÓDIGO: LO1150320

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE

SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

CÓDIGO: LO1150320

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA

SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

CÓDIGO: LO1150320

21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE: 2024/C003/000002

CÓDIGO DE PROXECTO DA DEPUTACIÓN: 2023.2102.0515.0

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO: Perfil de contratante integrado en Plataforma de Contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. _____
con domicilio no municipio de
rúa _____
núm. _____ provincia _____ país.....
teléfono _____
con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) núm. _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____).

DNI ou NIF núm. _____
e con domicilio no municipio de _____.
rúa _____
núm. _____, provincia....., país.....
teléfono _____

Toma parte no procedemento aberto con pluralidade de criterios para a adjudicación da execución das obras comprendidas no Proxecto de

e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Coñece e acepta as obrigacións que se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares deste contrato, así como do Proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

Non concorre con empresas vinculadas.

Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación

NIF

4º.- Prezo

Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE..... euros.

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :..... %. Importe..... euros

C) TOTAL (A+ B).....EUROS

5º.-Declaración responsable de estabilidade no emprego

Declara responsablemente que na data de publicación da licitación:

5.1.- O número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal é de ____ persoas e, destas, o número de persoas directamente relacionadas coa execución de obras en xeral é de ____ persoas

5.2.- O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma é de ____ persoas ⁽¹⁾, o que representa un ____ % sobre o número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) en persoal.

⁽¹⁾ Indicarase o maior número de persoas con contrato fixo, por tempo indefinido e a xornada completa en persoal dos últimos 12 meses.

Aplicable neste contrato

6º.- PLAN DE IGUALDADE (marque o que proceda)

A empresa ten implantado un plan de igualdade	
A empresa non ten implantado un plan de igualdade	

Aplicable neste contrato

7º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA QUE SE VAN SUBCONTRATAR	IMPORTE IVE INCLUÍDO	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA
TOTAL		

_____ o _____ de _____ de _____ 20__

O licitador (asinado)

ANEXO III: IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO

IDENTIFICACIÓN DE ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO (1)

- B. DECLARACIÓN E COMPROMISOS, REFERENCIAS TÉCNICAS. CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO B)
- C. OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C)

1. *Indicar sobre B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.*

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta que este prego ten o carácter de prego tipo que rexerá as obras tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans a puntuación que figura nel parte das seguintes premisas:

De entre os criterios que se indican a continuación sinalarase a puntuación mínima e máxima que se outorga. Cando un criterio non se valore indicárase esta circunstancia.

1º. Para cada contrato específico o órgano de contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración, que se detallará no anexo núm. IV. II.

2º. En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida como máximo a 125 puntos e como mínimo a 80 puntos. Os criterios non avaliados mediante fórmulas non poderán exceder do 25% do total de puntos (é dicir ata un máximo de 31,25 puntos), e os avaliados mediante fórmulas do 75%.

FASE I

CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS.

A documentación deberá presentarse en letra tipo Arial, Times New Roman ou similar, tamaño 12, interlineado mínimo sinxelo, e con, carácter xeral, en formato DIN A4.

As limitacións referidas a número de páxinas máximas admitidas recollidas nos seguintes apartados están referidas a páxinas en formato DIN A4.

Non suposto de que se presente a documentación en formato DIN A2 ou DIN A3 aplicaranse as seguintes equivalencias:

1 páxina DIN A2 = 4 páxinas DIN A4

1 páxina DIN A3 = 2 páxinas DIN A4

Non se admitirá a documentación presentada en formatos de páxina distintos aos anteriormente referidos.

Aos efectos do cómputo do número de páxinas, non se terán en conta os índices, portadas e separadores.

a) Plan de control de calidade (cláusula 12 e 15).

ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 10 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (10 PÁXINAS)

Valorarase:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra
- Idoneidade do plan de control de calidade proposto para a obra.
- evitar duplicidades nos controis dos ensaios que vaia realizar a propia empresa e a administración.

- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos
- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

Puntuación máxima: 5 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

b) Programa de traballo (cláusula 12 e 15):

ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 25 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (25 PÁXINAS)

Valorarase:

- análise correcta do ámbito de actuación
- análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas
- descrición técnica adecuada dos traballos que se van realizar
- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, colectores, maquinaria, etc)
- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- calidade suficiente dos materiais que se van empregar en obra
- coherencia dos diagramas de Gantt e PERT.
- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- adecuación dos medios materiais asignados á obra por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares

- descrición posibles problemáticas ou desviacións durante a execución

Puntuación máxima: 20 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

c) Programa de actuación ambiental (cláusula 12 e 15):

NON SE VALORA

d) Esquema do Plan de seguridade e saúde (cláusula 12 e 15):

NON SE VALORA

EXCLUSIÓNS

As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental , esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

FASE II

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:

II.1. OFERTA ECONÓMICA

Oferta económica:

Puntuación máxima: 5 puntos

De acordo coa fórmula elaborada , por demanda da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

II.2 ESTABILIDADE NO EMPREGO

II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

Puntuación máxima: 35 puntos

Segundo a documentación que se inclúa no arquivo ou sobre electrónico C o licitador, (cláusula 12) terase en conta a porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma, en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do persoal.

Para valorar este criterio o cadro de persoal deberá estar formado por un mínimo de 5 traballadores, directamente relacionados coa execución de obras en xeral.

Obterá a máxima puntuación a empresa que teña unha porcentaxe do 75% ou máis.

O resto valorarase proporcionalmente, en relación co 75%

As empresas que contén cunha porcentaxe menor do 40% de persoal fixo non se valorarán

II.3 IGUALDADE

Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación

Puntuación máxima: 35 puntos

No caso de que se valore a existencia dun plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.
A empresa que conte con plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

ANEXO IV. II: CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA	
CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Plan de control de calidade	5	
	Programa de traballo	20	
	Programa de actuación ambiental	Non se valora	
	Esquema do Plan de seguridade e saúde	Non se valora	
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA	5	
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	35
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	Non se valora
		Contratación desempregados	Non se valora
	IGUALDADE	35	

FIRMADO POR Rosa María Buján Ordóñez (FECHA: 26/04/2024 13:38:00)

FIRMADO POR Javier Francisco Caínzos Vázquez (FECHA: 26/04/2024 13:30:00) , Decreto Nº: 229/2024 - Fecha de decreto: 26/04/2024 Versión imprimible

CVD: xl3s0qc6syD6MKUGlQFD Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ANEXO V: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA EXECUTAR A OBRA. DOCUMENTO QUE HA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN .

Sen contido

ANEXO VI. ESPECIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓN DO CONTRATO PREVISTAS NO PRESENTE PREGO

Sen contido

ANEXO VII

Sen contido

Anexo VIII



Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela¹

FÓRMULA XERAL DE VALORACIÓN DE OFERTAS EN CONTRATOS E CONCURSOS 2018

1. Notacións

- P : prezo de licitación,
- P_c : prezo de licitación,
- n : número de ofertas,
- O_1, O_2, \dots, O_n : valor das n ofertas,
- R_1, R_2, \dots, R_n : redución de prazos das n empresas (en días naturais),
- $O_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n O_i$: media das ofertas presentadas (),
- $R_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n R_i$: media das reducións de prazos presentadas (),
- R_{max}, R_{min} : redución de prazos máxima e mínima,
- H_1, H_2, \dots, H_n : baixas absolutas ($R_i = P - O_i, i = 1, \dots, n$),
- $H_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n H_i = P - O_m$: baixa porcentual media (),
- b_1, b_2, \dots, b_n : baixas porcentuais con respecto a ($b_i = \frac{R_i}{P} \cdot 100, i = 1, \dots, n$),
- b_{max}, b_{min} : baixas porcentuais máxima e mínima,
- $b_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n b_i = \frac{H_m}{P} \cdot 100$: baixa porcentual media (),
- V_{max} : máxima valoración posible,
- N_{max} : máxima valoración de acordo coas ofertas presentadas,
- $V_{R_{max}}$: máxima valoración de acordo coas reducións de prazos presentados,
- V_i : valoración económica da oferta i -ésima entre 1 e N_{max} , $i = 1, \dots, n$.

1 Investigadores

Juan M. Vialño Rei – Catedrático de Matemática Aplicada - USC

José R. Fernández García – Profesor Titular de Matemática Aplicada - UVigo

- V_i : valoración da redución de prazos i -ésima entre V_{min} e V_{max} , $i = 1, \dots, n$.

Nota.- Dado que as baixas negativas corresponderían a ofertas superiores ao prezo de licitación (e, por tanto, non admisibles), suponse que as baixas b_i son iguais ou maiores ca cero. Igualmente, como as reducións de prazos negativas corresponderían a prazos superiores ao prazo de execución do contrato ou concurso (e, por tanto, non admisibles), suponse que as reducións de prazos R_i son iguais ou maiores ca cero e menores ca o prazo de execución P_{max} .

2. Algoritmo de valoración económica de ofertas

2.1. Valoración máxima inicial de acordo coa baixa máxima

A) Se $b_{max} < 15$ entón $W_{max} = 0,7 V_{max} \frac{b_{max}}{15}$.

B) Se $15 \leq b_{max} < 25$ entón $W_{max} = 0,7 V_{max} + 0,3 V_{max} \frac{b_{max} - 15}{10}$.

C) Se $b_{max} \geq 25$ entón $W_{max} = V_{max}$.

2.2. Valoración económica entre V_{min} e W_{max}

A puntuación V_i da oferta i -ésima calcúlase, en función da baixa máxima, por interpolación a cachos da forma seguinte (ver as figuras 1 a 3):

• Si $b_{max} \leq 10^{-3}$ entón $V_i = 0$.

• Si $10^{-3} \leq b_{max} < 15$ entón $V_i = 0,7 V_{max} \frac{b_i}{15}$.

• Si $15 \leq b_{max} < 25$ entón

δ. Si $b_i \leq 15$ entón $V_i = 0,7 V_{max} \frac{b_i}{15}$,

δi. Si $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7 V_{max} + 0,3 V_{max} \frac{b_i - 15}{10}$.

• Si $b_{max} \geq 25$ entón

– Si $b_i \leq 15$ entón $V_i = 0,7 V_{max} \frac{b_i}{15}$,

– Si $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{max} + 0,3V_{max} \frac{b_i - 15}{b_{max} - 15}$

Nótese que a puntuación máxima V_{max} só se alcanza se a baixa máxima (b_{max}) e igual ou superior o 25% e que, cunha baixa do 15%, sempre se obtén o 70% da valoración máxima.

Nota.- No caso particular en que todas as ofertas son iguais ao prezo de licitación tense $b_1 = b_2 = \dots = b_n = b_{max} = 0$ polo que as valoracións anteriores non son válidas (téñense divisións por cero). Neste caso, acordamos outorgar a todas elas unha puntuación nula ($V_i = 0$). Na práctica, esta situación tamén se produce cando as baixas son todas moi pequenas aínda que non sexan exactamente cero. Por iso, propomos dar unha puntuación nula a todas as ofertas sempre que $b_{max} \leq 10^{-4}$.




Figura 1: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} > 15$.




Figura 2: Representación gráfica das puntuacións se $15 \leq b_i < 25$.




Figura 3: Representación gráfica de as puntuacións se $b_{...} \geq 25$.

Neste Contrato non será de aplicación a valoración das reducións de prazo

ANEXO IX

Tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista (art. 215.2 e) LCSP e cláusula 35.5 do presente prego)

Non esixible neste contrato